

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) manifesta a relevancia da loita contra a contaminación do aire, motivo no que se centra o Día Mundial do Medio Ambiente 2019

Os efectos dunha mala calidade do aire na saúde humana e no medio preocupan aos biólogos galegos

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019. O día 5 de xuño celébrase como cada ano o Día Mundial do Medio Ambiente. Para o ano 2019, Nacións Unidas invítanos a considerar os cambios que podemos facer no noso día a día para reducir a contaminación do aire que xenera a actividade humana.

E é que, segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), nove de cada dez persoas en todo o mundo están expostas a niveis de contaminación que superan os índices de seguridade recomendados, provocando o incremento do risco de padecer enfermidades respiratorias e cardiovasculares, así como outras patoloxías (ictus, diabetes, Alzheimer, etc.), ademáis de elevadas cifras de falecementos prematuros.

O anterior convirte a contaminación do aire “*nunha crise sanitaria de primeira magnitude*” a nivel mundial, segundo manifestou a propia OMS. Neste sentido, superar os niveis fixados nas directrices deste organismo sobre a calidade do aire “*representa un risco considerable para a saúde das persoas*”, ten advertido recentemente a Dra. María Neira, Directora do Departamento de Saúde Pública e Medio Ambiente deste organismo.

A contaminación do aire é, polo tanto, un problema moi presente que se debe abordar con decisión e responsabilidade, principalmente nos entornos urbanos nos que se concentra a maior parte da poboación, sendo conscientes de que o escenario de cambio climático no que estamos inmersos podería propiciar ademáis o aumento dos niveis de certos contaminantes como o ozono troposférico e as partículas na súa fracción respirable.

Neste sentido, o COBGA insta a mobilizar o compromiso das diferentes administracións públicas galegas, así como de todas as actividades industriais instaladas no noso territorio, para progresar cara a consecución dos obxectivos establecidos pola OMS e a ONU, sendo esencial tamén que a sociedade civil de Galicia se comprometa a realizar cambios na vida cotiá, contribuíndo así á redución da contaminación atmosférica:

- Utilizando máis os medios de transporte públicos.
 - Reducindo o uso do automóbil e compartindo traxectos.
 - Apagando o motor do coche cando se está parado.
 - Desprazándonos en bicicleta ou camiñando.
 - Adquirindo vehículos menos contaminantes.
 - Reducindo a xeración de residuos.
 - Usando sistemas e equipos de calefacción de alta eficiencia para o fogar.
 - Aforrando enerxía: apagando luces e aparatos electrónicos cando non se estean utilizando.
 - Utilizando fontes de enerxía renovables.
- Etc.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40